



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE  
**FENE**

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña  
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es  
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

# RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2021 – 2022

**CENTRO: IES de Fene**

**CURSO: 3º ESO**

**MATERIA: Tecnoloxía**

**DEPARTAMENTO: Tecnoloxía**

## 1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>1ª Avaliación</b>	
<b>TEB1.1.1.</b> Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Coñece as fases do proceso tecnolóxico. Analiza obxectos tecnolóxicos desde o punto de vista técnico, social e económico.
<b>TEB2.1.1.</b> Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos	Interpreta esbozos e bosquexos para explicar as características da solución a un problema tecnolóxico.
<b>TEB1.2.1.</b> Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción dun prototipo. <b>TEB2.2.1.</b> Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio. <b>TEB5.3.1.</b> Manexa programas e software básicos	Elabora planos sinxelos utilizando un programa informático de deseño.
<b>TEB5.2.1.</b> Manexa espazos web e outros sistemas de intercambio de información	Manexa unha conta de correo electrónico. Utiliza correctamente a plataforma virtual Moodle para intercambiar información.
<b>TEB3.1.1.</b> Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	Clasifica os materiais segundo as súas propiedades. Coñece a utilidade dos materiais en función das súas propiedades. Coñece os tipos de plásticos. Coñece o uso dos plásticos máis habituais. Coñece os materiais empregados en construción
<b>TEB3.1.2.</b> Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico	Coñece as propiedades mecánicas dos materiais. Identifica os materiais segundo as súas propiedades mecánicas. Identifica algúns plásticos de uso común segundo as propiedades mecánicas. Explica as propiedades mecánicas dos materiais de construción.
<b>2ª Avaliación</b>	
<b>TEB1.2.1.</b> Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción dun prototipo. <b>TEB2.2.1.</b> Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio. <b>TEB5.3.1.</b> Manexa programas e software básicos	Deseña unha folla de cálculo con LibreOffice Calc. Inserta fórmulas e funcións sinxelas nunha folla de cálculo. Elabora presupostos sinxelos sobre o custo de fabricación dun obxecto, mediante o uso de follas de cálculo.
<b>TEB4.1.1.</b> Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.	Sabe explicar os efectos que produce a corrente eléctrica. Explica a conversión de enerxía eléctrica noutros tipos de enerxía.

<b>TEB4.2.1.</b> Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuítos básicos.	Mide de forma axeitada resistencia eléctrica, voltaxe e intensidade de corrente utilizando o polímetro
<b>TEB4.3.1.</b> Deseña e monta circuítos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.	Coñece a simboloxía eléctrica e electrónica básica. Representa circuítos eléctricos e electrónicos empregando lámpadas, motores, diodos LED, resistencias e baterías. Monta circuítos eléctricos e electrónicos utilizando os operadores referidos.
<b>TEB4.3.2.</b> Deseña circuítos eléctricos básicos utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran. <b>TEB5.3.1.</b> Manexa programas e software básicos	Coñece a simboloxía eléctrica e electrónica básica. Utiliza un simulador para deseñar circuítos eléctricos e electrónicos empregando lámpadas, motores, diodos LED, resistencias e baterías.
<b>TEB4.2.2.</b> Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuítos eléctricos sinxelos	Coñece as magnitudes eléctricas básicas. Calcula as magnitudes eléctricas básicas utilizando a lei de Ohm. Calcula a resistencia eléctrica equivalente en circuítos serie e paralelo.
<b>3ª Avaliación</b>	
<b>TEB4.4.1.</b> Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control. <b>TEB5.3.1.</b> Manexa programas e software básicos	Identifica aparatos e sistemas de control automáticos. Recoñece os sensores adecuados para un sistema de control determinado. Realiza un programa sinxelo que controle un robot.
<b>Proxecto final</b>	
<b>TEB1.2.2.</b> Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. <b>TE1.2.3.</b> Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso	Presenta ideas que poidan solucionar o problema. Utiliza as ferramentas axeitadas e de forma segura. Responsabilízase do traballo realizado, recoñece os erros e propón accións para mellorar. Sabe traballar en equipo tratando de organizar e repartir o traballo para que o proxecto saia adiante. É respectuoso coas opinións e ideas dos demais membros do equipo.
<b>TEB5.3.1.</b> Manexa programas e software básicos <b>TEB5.3.3.</b> Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.	Elabora unha memoria do proxecto, utilizando software axeitado, que inclúa os documentos propios do proxecto técnico. Presenta a memoria do proxecto ao resto de compañeiros utilizando os equipos informáticos.

## **2. Criterios de cualificación**

### **Escenario de presencialidade**

A cualificación para cada avaliación será a referida aos aspectos e porcentaxes seguintes:

- Traballo do alumnado avaliado mediante a observación directa, a corrección de exercicios na clase ou a realización de tarefas na casa (20%)
- Probas escritas (50 %)
- Traballos realizados nas sesións de informática (15 %)
- Traballos realizados na aula-taller (15%)

No caso de que algún dos apartados anteriores non sexan avaliados, a porcentaxe destinada a ese apartado poderá ir parar a outro ou outros.

Realizarase un exame por avaliación.

O alumnado que suspenda unha avaliación poderá facer un exame de recuperación.

A nota da avaliación final será a media das tres avaliacións.

### **Escenario de semipresencialidade**

No caso dun escenario de semipresencialidade a ferramenta de referencia para a entrega de traballos será a aula virtual Moodle, así como a videoconferencia, e as porcentaxes dos diferentes aspectos avaliados serán os seguintes:

- Traballos presentados aula virtual Moodle (50 %)
- Probas (50 %)

### **Escenario de non presencialidade**

No caso de que haxa un confinamento a aula virtual Moodle seguirá sendo a ferramenta de referencia, así como a videoconferencia, e o departamento tomará as seguintes medidas:

1. Farase unha adaptación dos estándares de aprendizaxe, seleccionando os que o departamento considere imprescindibles para acadar as competencias.
2. Non se avaliarán os traballos e proxectos de taller, durante o confinamento.
3. Os criterios de cualificación serán os seguintes:
  - Traballos presentados na aula virtual Moodle (70 %)
  - Probas (30 %)